

Examinado o informe proposta elaborado polo Negociado de Benestar Social en data 14/09/2023 e que literalmente di:

“INFORME PROPOSTA

Con data 27/07/2023 o Concello Pleno aprobou as bases reguladoras do Premio Solidario “Cidade de Ferrol” 2023 así como a aprobación do gasto correspondente ao importe do Premio pola contía de 10.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 04001-2315-48000. Nesta convocatoria establécense dúas categorías:

- .- A primeira, cunha dotación económica anual de 6.000 euros, que premie a posta en marcha, ampliación ou continuación de proxectos solidarios e no eido do voluntariado que se desenvolvan nun contexto local, é dicir, no ámbito do Concello de Ferrol.*
- .- A segunda, cunha dotación económica anual de 4.000 euros, que premie a posta en marcha, ampliación ou continuación de proxectos solidarios no eido da cooperación internacional e dentro do ámbito da protección dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) das persoas e colectivos máis vulnerables.*

A convocatoria do premio foi publicada no BOP de A Coruña nº 155 con data 16 de agosto (BDNS 712295) onde se establecía un prazo de 15 días hábiles contados a a partir do día seguinte a esta publicación para a presentación de candidaturas.

Tal e como figura no artigo 3 desta convocatoria e unha vez realizada unha primeira revisión da documentación presentada co obxecto de comprobar que reúnen os requisitos especificados na convocatoria e examinada a totalidade da documentación ,proponse á concelleira delegada especial de Política Social e Inclusión, o seguinte:

Primeiro: Admitir as candidaturas que de seguido se relacionan:

CATEGORIA	ENTIDADE/PARTICULAR	PROXECTO
<i>Proxecto solidario no eido do voluntariado</i>	<i>ONG MANOS UNIDAS</i>	<i>“Fortalecemento das capacidades do voluntariado no campo dos ODS, especialmente do ODS2 “FAME CERO” e promoción do voluntariado entre a mocidade”.</i>
<i>Proxecto solidario no eido do voluntariado</i>	<i>AFAL</i>	<i>Apoio ás intervencións terapéuticas que se levan a cabo coas persoas usuarias do centro de día e dos talleres de estimulación de estados iniciais.</i>

<i>Proxecto solidario no eido do voluntariado</i>	<i>CARITAS DIOCESANA</i>	<i>Unha mirada ferrolá a realidade dos nenos, nenas, adolescentes e as súas familias en situación de vulnerabilidade social, achegando oportunidades de cambio e rompendo co círculo hereditario da pobreza.</i>
<i>Proxecto solidario no eido do voluntariado</i>	<i>ASOCIACIÓN SINDROME DE DOWN “TEIMA” FERROL</i>	<i>Apoio á vida independente nas persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.</i>
<i>Proxecto solidario no eido do voluntariado</i>	<i>FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO</i>	<i>Promover a finalización dos estudos obrigatorios e a promoción do alumnado xitano a estudos postobrigatorios para incidir así na redución do abandono escolar que presenta unha boa parte desta comunidade.</i>
<i>Proxecto solidario no eido do voluntariado</i>	<i>ASOTRAME</i>	<i>Proxecto de sensibilización e de dinamización comunitaria, que promove a participación social da cidadanía, implicando, especialmente, ó alumnado de Primaria.</i>
<i>Proxecto solidario no eido da cooperación</i>	<i>ACCIÓN FAMILIAR</i>	<i>Facilitar apoio integral á poboación en idade escolar que sufra ou sufrirá acoso escolar, actuando tanto a nivel individual como na súa contorna familiar, social e escolar.</i>
<i>Proxecto solidario no eido da cooperación</i>	<i>ONG AZUL EN ACCIÓN</i>	<i>Intervención sanitaria asistencial en oftalmoloxía, óptica e formación de persoal sanitario local en varias rexións de Senegal e aprovisionamento de equipos e material de protección contra o COVID aos sanitarios locais do servizo de urxencias, maternal e oftalmoloxía de hospitais. Terceira Edición 2023.</i>

Segundo- Excluir provisionalmente a:

CATEGORIA	ENTIDADE/PARTICULAR	CAUSA DE EXCLUSIÓN
<i>Proxecto solidario no eido da cooperación internacional</i>	<i>ASOCIACIÓN SOLIDARIA DJOUMA</i>	<i>No Anexo II falta indicar o que proceda en relación co tratamento de datos</i>
<i>Proxecto solidario no eido do voluntariado</i>	<i>FUNDACIÓN SANTO HOSPITAL DE CARIDAD FERROL</i>	<i>No Anexo II falta indicar o que proceda en relación co tratamento de datos</i>
<i>Proxecto solidario no eido do voluntariado</i>	<i>PATRONATO CONCEPCIÓN ARENAL</i>	<ul style="list-style-type: none"><i>– Certificado dos socios activos da entidade.</i><i>– Certificación acreditativa da entidade do acordo da vontade de presentarse ao premio.</i><i>– No Anexo II falta indicar o que proceda en relación co tratamento de datos</i><i>– Síntese do proxecto cun máximo de dúas páxinas por proxecto (documento anexo)</i>
<i>Proxecto solidario no eido do voluntariado</i>	<i>ASCM</i>	<i>No Anexo II falta indicar o que proceda en relación co tratamento de datos</i>

Terceiro.- *Conceder ás entidades **excluídas** un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica, para o obxecto de emendar a documentación requirida.”*

DECRETO: Vista a anterior proposta, veño en aprobala nos seus propios termos.

Ferrol,

Dou fe

A concelleira de Política Social e Inclusión

O secretario xeral